


NORMATIVA

Normativa interna de mobilidade internacional

Versión consolidada: 27 de febreiro de 2018

Universidade de Vigo

 Facultade de
Ciencias Xurídicas
e do Traballo

NORMATIVA INTERNA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL

Xunta de Facultade de 27 de febreiro de 2018

I.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

1 Enumeración de criterios

A selección dos alumnos candidatos a participar nos programas de mobilidade estudantil levarase a cabo atendendo ós seguintes criterios:

Criterios de valoración:

- a O expediente académico ponderado conforme ao número de créditos superados da titulación.
- b O coñecemento da lingua do país de destino
- c Entrevista persoal

2 Valoración

2.1 Expediente académico

Terase en conta a nota media do expediente académico do alumno, computado conforme a data que indique a convocatoria do programa de intercambio e ano correspondente.

O expediente académico ponderarase conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Nota media } \bar{x} = \frac{N^{\circ} \text{ de créditos superados}}{N^{\circ} \text{ total de créditos da titulación}}$$

2.2 Coñecemento da lingua do país de destino

2.2.1 Terase en conta o nivel acreditado de coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino.

Os coñecementos previos do idioma respectivo poderanse acreditar:



1º) Mediante a presentación de certificacións recoñecidas na convocatoria ou na normativa de Relacións Internacionais da Universidade.

2º) Mediante os resultados obtidos nas probas de idiomas organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, nos termos previstos nas convocatorias de mobilidade.

2.2.2 Esta valoración traducirase nunha puntuación de 0 a 10, segundo o seguinte baremo:

Nivel Alto: 9-10

Nivel Medio: 5-8

Nivel Baixo: 0-4

Coñecemento nulo: 0

En tódolos destinos, agás para países latinoamericanos, valorarase o coñecemento da lingua inglesa. Nestes supostos poderá chegar a valorarse, de xeito ponderado, o coñecemento do inglés ata un máximo do 1/2 do apartado correspondente ao coñecemento da lingua oficial do país de acollida.

Sumarase un punto (ata o máximo da puntuación total) por cada certificado ou cursos de idiomas que, en ausencia e sen estar incluídos no apartado 2.2.1, sexan relevantes a xuízo do Responsable de Relacións Internacionais para acreditar debidamente o nivel de coñecemento da lingua de que se trate.

Sumarase un punto por cada materia da titulación cursada en inglés.

2.3 Entrevista persoal

A valoración dos motivos do alumno para realizar o intercambio, así como a idoneidade e aptitude do candidato para a realización do programa solicitado, levarase a cabo a través dunha entrevista persoal realizada por profesores integrantes da Comisión de Relacións Internacionais do Centro, designados por esta a tal efecto, con cada un dos candidatos.



Esta valoración traducirase nunha puntuación de 0 a 10 en función do criterio dos profesores encargados de realizar a entrevista (motivación, planificación da estada, circunstancias persoais, etc.)

O alumno que non se presente á entrevista terá unha puntuación de 0 neste apartado.

2.4 Universidade de destino de que se trate segundo a seguinte táboa, na que se indica (en valores porcentuais) a relevancia outorgada a cada un deles:

	Todos os destinos agás Italia e Portugal	Italia e Portugal	Países Latinoamericanos Hispanohablantes
Expediente académico	40%	50%	60%
Coñecemento da lingua	30%	20%	0%
Entrevista persoal	30%	30%	40%

II.- CRITERIOS ACADÉMICOS PARA A ELABORACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS DENTRO DO PROGRAMA DE MOBILIDADE ERASMUS

1.- Con carácter xeral, terase en conta o período de estudos normal que lle corresponda ao alumno (60 ECTS nos graos e 75 no PCEO).

2.- As materias obrigatorias cursadas no estranxeiro deberán ter un contido substancialmente similar e unha duración semellante ás que se pretenden validar na Universidade de Vigo.



3.- Non se poderán incluír no contrato de estudos materias pendentes, que xa foran cualificadas como suspenso polo menos unha vez na Universidade de Vigo.

4.- Non se poderán incluír no contrato de estudos materias que pertencen á mesma área pero que se encontran divididas en diferentes partes (por exemplo, Dereito Financeiro I e Dereito Financeiro II), nin tampouco a materia que constitúe a segunda parte sen ter superada a primeira parte.

5.- O número máximo de créditos *totais* obxecto de recoñecemento cursados ao abeiro dos programas de intercambio *no estranxeiro* será de 60 ECTS para os Graos e de 75 para o PCEO.

III. RECOÑECIMENTO DAS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NO ESTRANXEIRO

O recoñecemento da cualificación obtida no estranxeiro gardará a debida correspondencia co sistema de calcificacións da Universidade de Vigo.

En particular, para os países incluídos, estarase ao resultado de aplicar a seguinte táboa:

ECTS/ Numérica	F/FX Deficiente/ Insuficiente	E/D Suficiente/ Satisfactorio	C Ben	B Moi ben	A Excelente
España 0/10	< 5	5 - 5.9	6 - 6.9	7-8.9	9 - 10 - M.H.
Italia 0/30	< 18	18 = 5 19 = 5.6 20 = 5.9	21 = 6.2 22 = 6.5 23 = 6.9	24 = 7 25 = 7.5 26 = 7.9 27 = 8 28 = 8.5	29 = 9 30 = 10 30 L= M.H.



Portugal 0/20	- 10	10 = 5	12 = 6	14 = 7	18 = 9
		11 = 5.5	13 = 6.5	15 = 7.5	19 = 9.5
				16 = 8	20 = 10
				17 = 8.5	
Francia 0/20	< 10	10 = 5	12 = 6	14 = 7	18 = 9
		11 = 5.5	13 = 6.5	15 = 7.5	19 = 9.5
				16 = 8	20 = 10
			17 = 8.5		
Alemania 5/1	5	4 = 5	3 = 6	2 = 7	1.5 = 9
		3.5 = 5.5	2.5 = 6.5	1.8 = 7.5	1.3 = 9.5
				1.7 = 8	1 = 10
				1.6 = 8.5	
Alemania 0/18	0-3	4 = 5	7 = 6	10 = 7	16 = 9
		5 = 5.5	8 = 6.5	11 = 7.5	17 = 9.5
		6 = 5.9	9 = 6.9	12 = 7.9	18 = 10
				13 = 8	



				14 = 8.5	
				15 = 8.9	
Reino Unido	- 40	40 = 5	50 = 6	60 = 7	70 = 9
0/100		45 = 5.5	55 = 6.5	61 = 7.25	75 = 9.20
		49 = 5.9	59 = 6.9	62 = 7.50	80 = 9.40
				63 = 7.75	85 = 9.60
				64 = 7.9	90 = 9.80
				65 = 8	95 = 10
				66 = 8.25	100 = M.H
				67 = 8.50	
				68 = 8.75	
				69 = 8.9	
Grecia 0/10	5	5 - 5.9	6 - 6.9	7 - 8.9	9 - 10 -
Romanía	5	5 - 5.9	6 - 6.9	7 - 8.9	9 - 10 -
0/10					
México	69	70 = 5.0	80 = 6.0	90 = 7	95 = 9.0
Tecnolóxico		71 = 5.1	81 = 6.1	91 = 7.5	96 = 9.25
Monterrey		72 = 5.2	82 = 6.2	92 = 8	97 = 9.5



0/100		73 = 5.3	83 = 6.3	93 = 8.5	98 = 9.75
		74 = 5.4	84 = 6.4	94 = 8.75	99 = 10
		75 = 5.5	85 = 6.5		100 = M.H
		76 = 5.6	86 = 6.6		
		77 = 5.7	87 = 6.7		
		78 = 5.8	88 = 6.8		
		79 = 5.9	89 = 6.9		
México	60	60 = 5	70 = 6.25	80 = 7.5	95 = 9.375
Guadalaxara		65 = 5.62	75 = 6.87	85 = 8.125	100 = 10
0/100				90 = 8.750	
Polonia	< 2.99	3 – 3.49	3.5 - 3.9	4 - 4.49	> 4,5